

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

##### Bolsa de práctica laboral

*CONVOCATORIA DESTINADA ÁS EMPRESAS, CORPORACIÓNS SECTORIAIS E ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA PARTICIPAR NO PLAN DE PRÁCTICA LABORAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2018*

*CONVOCATORIA DESTINADA ÁS EMPRESAS, CORPORACIÓNS SECTORIAIS E ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA PARTICIPAR NO PLAN DE PRÁCTICA LABORAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2018*

A Deputación de Pontevedra ten previsto poñer en marcha un Plan de práctica laboral en colaboración coas empresas, corporacións sectoriais e organizacións non gobernamentais da provincia de Pontevedra (en diante entidades), para mozas e mozos con titulación universitaria ou de formación profesional sen experiencia laboral previa no ámbito dos seus estudos, coa finalidade de promover e completar a súa formación académica en áreas de coñecemento ou actividades que poidan facilitar a súa futura incorporación ao mercado de traballo.

É unha medida en coherencia coas recomendacións e iniciativas que, sobre esta materia, realizou a Unión Europea, así como coa Estratexia de emprendemento e emprego do Goberno de España, na que se require a participación de todas as institucións públicas e privadas, empresas e organizacións de todo tipo.

O plan ofrecerá un total de **400 bolsas de práctica laboral** no sector privado, de entre 740,00 e 840,00 euros ao mes, durante un período de seis meses prorrogables por outros seis. Legalmente, estas bolsas configúranse como subvencións deste organismo provincial a persoas tituladas universitarias ou de ciclos superiores de formación profesional para que poidan aplicar nas empresas e entidades participantes os coñecementos adquiridos na universidade ou nos centros de FP.

A Deputación asume o financiamento do Plan, a distribución e a asignación das bolsas entre as empresas ou entidades solicitantes, a selección das persoas bolseiras, a adxudicación das bolsas, o pagamento ás persoas seleccionadas da correspondente axuda ou subvención e a súa cotización á Seguridade Social.

Pola súa parte, as empresas ou entidades participantes deberán comprometerse a facilitar a realización da práctica laboral no seu centro de traballo e a desenvolver un proxecto ou programa formativo que lles permita exercer competencias e colaborar no desenvolvemento de actividades profesionais que poidan facilitar a súa empregabilidade.



A cooperación entre a institución provincial e as empresas ou entidades da provincia que resulten beneficiarias materializárase a través dun convenio de colaboración no que se establezan os dereitos, as obrigas e os compromisos de cada unha das partes.

Esta convocatoria do Plan de Práctica Laboral 2018, dirixido a persoas con titulación universitaria ou de formación profesional, rexeráse polas seguintes:

### *B A S E S*

#### **Primeira. Obxecto**

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública, en réxime de concorrencia competitiva, da selección e distribución dun total de 400 bolsas de práctica laboral, dirixidas a mozas e mozos con titulación universitaria ou de formación profesional de ciclo superior, entre empresas privadas (en calquera da súas formas xurídicas), corporacións sectoriais (colexios profesionais, cámaras oficiais, confrarías, comunidades e federacións deportivas) ou organizacións non gobernamentais (asociacións sen ánimo de lucro que desenvolvan programas ou sexan titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais) da provincia de Pontevedra coa finalidade de seleccionar aquelas máis capacitadas para facilitarlles ás mozas e mozos beneficiarios a realización dunha práctica laboral que complementa a súa formación académica e lles proporcione a práctica profesional necesaria para facilitar a súa inserción laboral.

As 400 bolsas distribuiranse en dous grupos conforme aos criterios de valoración sinalados na base 5.3.1 desta convocatoria, tendo en conta o seguinte criterio de reparto:

- 1.º grupo: 360 bolsas entre empresas privadas da provincia de Pontevedra
- 2.º grupo: 40 bolsas entre corporacións sectoriais e organizacións non gobernamentais

En caso de que non se cubra o número de bolsas asignado a un grupo poderanse distribuír as restantes entre as solicitantes do outro grupo.

#### **Segunda. Finalidade do plan**

Seleccionar as empresas privadas, corporacións sectoriais ou organizacións non gobernamentais máis capacitadas para acadar os obxectivos sinalados nestas bases, que se atopan nas mellores condicións para que poidan engadirlle valor á formación académica ou profesional das mozas e mozos aos que vai dirixido, proporcionándolles a práctica profesional necesaria para facilitar a súa inserción laboral.

#### **Terceira. Financiamento**

Este programa finánciao a Deputación con cargo ao crédito previsto nas aplicacións orzamentarias 18/240.2410.481.47 e 18/240.2410.160.03, por importe de setecentos tres mil seiscientos sesenta e catro euros (703.664,00 €) para o ano 2018, prevendo que estean



adxudicadas con efectos do 1 de novembro de 2018. A dotación correspondente ao exercicio 2019, por importe de tres millóns cincocentos dezaoto mil trescentos vinte euros (3.518.320 €) imputarase ás aplicacións previstas para tal fin no orzamento dese ano e aos remanentes de crédito do ano 2018.

#### **Cuarta. Servizo e órgano responsable do procedemento**

4.1. O servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local e o de Recursos Humanos e Formación encargaranse da tramitación dos expedientes.

4.2. O procedemento de selección das empresas ou entidades e a distribución das bolsas entre elas será en réxime de concorrencia competitiva.

4.3. Para a selección das empresas ou entidades constituirase unha comisión de avaliación e selección que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e de marcar os criterios e establecer unha puntuación mínima para poder ser entidade beneficiaria, segundo a orde indicada no apartado 5.3.1.

4.4. Esta comisión estará composta pola deputada delegada en materia de Emprego, a xefatura do Servizo de Promoción de Emprego, unha persoa representante do sector empresarial da provincia de Pontevedra e unha da Universidade de Vigo ou as persoas en quen deleguen.

4.5. A Xunta de Goberno resolverá o expediente de selección das empresas ou entidades nas que se desenvolverán as prácticas.

#### **Quinta. Procedemento de selección das empresas ou entidades**

##### **5.1. Empresas ou entidades beneficiarias. Requisitos**

Nesta convocatoria poderán participar todas as empresas privadas (calquera que sexa a súa forma xurídica), as corporacións sectoriais (colexios profesionais, cámaras oficiais, confrarías, comunidades e federacións deportivas) ou as organizacións non gobernamentais (asociacións sen ánimo de lucro que desenvolvan programas ou sexan titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais) da provincia de Pontevedra que reúnan os seguintes requisitos:

- Dispoñer de capacidade técnica e de xestión suficiente para a execución dos proxectos formativos de práctica laboral solicitados
- Estar inscritas no rexistro público correspondente
- Ter a sede social ou centro de traballo na provincia de Pontevedra
- Non despedir de forma improcedente a ningunha persoa traballadora da empresa da mesma titulación ou que realizase tarefas similares ás que levará a cabo a persoa bolsreira nos seis meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes
- Asumir o compromiso de non extinguir contratos laborais vixentes ao persoal da mesma titulación ou que veña realizando tarefas similares ás que levará a cabo a persoa



bolseira. Para este efecto poderáselle requirir á empresa ou entidade en calquera momento a documentación acreditativa do cumprimento deste requisito

- Diseñar un proxecto ou programa formativo de práctica laboral por medio do cal as persoas con titulación universitaria ou de ciclos superiores de FP poidan adquirir competencias para o exercicio de actividades profesionais que faciliten a súa empregabilidade
- Estar relacionada a súa actividade coas titulacións solicitadas
- Dispoñer de persoal técnico cualificado que se encargue de exercer as funcións de titoría e responsabilizarse da formación práctica da persoa bolseira, acreditando documentalmente esa cualificación mediante a titulación, contrato de traballo ou cargo na empresa que estea relacionado co obxecto da bolsa
- Dispor dos medios técnicos necesarios para que a persoa bolseira desempeñe as súas tarefas
- Non ter asignada na actualidade unha bolsa dos plans de práctica laboral da Deputación de Pontevedra, tomando como referencia para tal efecto o período de tempo que transcorre desde a data da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) ata a data de finalización de presentación das solicitudes.
- Para as empresas ou entidades que fosen seleccionadas no Plan de práctica laboral en empresas 2016 (Convocatoria publicada no BOPPO nº 71 de 14 de abril de 2016) e manifestasen o seu compromiso de contratación nesa convocatoria, é requisito ter contratada a persoa bolseira adxudicada. Exceptuaranse de cumprir este requisito aquelas entidades nas que:
  - A persoa bolseira adxudicada renunciase á bolsa antes da súa finalización por causas non imputables á entidade
  - A persoa bolseira adxudicada rexeitase ou renunciase á proposta de contratación (xustificándoo documentalmente).

## 5.2. Presentación de solicitudes por parte das empresas ou entidades participantes

5.2.1. As solicitudes de participación na convocatoria de 2018 deste plan efectuaranse a través do seguinte procedemento:

1) En primeiro lugar será necesario realizar unha preinscrición en liña a través da páxina [www.depo.gal](http://www.depo.gal), seguindo estes pasos:

- Cubrir os datos correspondentes ao modelo oficial de solicitude e premer o botón de enviar
- Descargar e imprimir o xustificante electrónico xerado pola web tras a realización do envío, que incluíra un código único de preinscrición

A listaxe de titulacións dispoñibles no formulario de preinscrición é aberto e poderán engadirse novas titulacións oficiais cando o soliciten as empresas ou entidades interesadas.



Na listaxe de titulacións dispoñibles, aparecerán con asterisco (\*), a título informativo, aquelas que en convocatorias anteriores quedaron desertas por falta de persoas candidatas.

Non se admitirá máis dunha solicitude por empresa ou entidade e poderán solicitarse emendas a esta solicitude antes da finalización do prazo.

2) A continuación deberá presentarse o xustificante electrónico xerado durante o proceso de preinscrición, debidamente asinado pola persoa que represente legalmente a entidade, no Rexistro correspondente dentro do prazo establecido xunto coa seguinte documentación:

- Copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal
- Para as empresas ou entidades que estean obrigadas a inscribirse no Rexistro Mercantil, nota simple informativa do Rexistro Mercantil referente aos datos actualizados sobre a denominación social, domicilio social, obxecto social e órganos de administración da entidade
- Para as demais entidades, corporacións sectoriais (colexios profesionais, cámaras oficiais, confrarías, comunidades e federacións deportivas) ou organizacións non gobernamentais (asociacións sen ánimo de lucro), certificado de inscrición no rexistro público correspondente xunto cunha certificación do secretario da entidade na que se especifique a denominación, domicilio, obxecto e órganos de administración de dita entidade.
- No caso de persoas traballadoras autónomas, copia da alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE) ou en Facenda (modelo 036)
- Proxecto da práctica laboral que se desenvolverá, especificando o perfil das persoas bolseiras (titulación universitaria ou dos ciclos superiores de FP), o contido das tarefas obxecto de realización pola persoa bolseira solicitada, centro de traballo, departamento, equipo de traballo, horario, sistemas de titorías da formación práctica e criterios de avaliación para comprobar os resultados da aprendizaxe e a adquisición de competencias profesionais.
- Identificación do persoal técnico da entidade que actuará como persoa titora e que se encargará da formación práctica e da supervisión e apoio técnico á persoa bolseira, así como da distribución e avaliación das tarefas que se lle encomenden. Acreditando a súa cualificación para levar a cabo a labor de titorización mediante a presentación de documento xustificativo (copia da titulación, contrato de traballo ou cargo na empresa que deberá estar en relación co obxecto da bolsa)
- Aquelas entidades que fosen seleccionadas no Plan de práctica laboral 2016 e que manifestasen o seu compromiso de contratación coa persoa bolseira adxudicada, deberán presentar a documentación que acredite a relación contractual establecida, que nunca poderá ser por un período inferior a un mes e a duración da xornada laboral nunca poderá ser inferior ao 50 % da xornada laboral prevista no convenio colectivo correspondente
- Declaración responsable de asumir o compromiso de non extinguir contratos laborais vixentes de persoal coa mesma titulación ou que ocupe postos similares



- Declaración responsable de non ter despedido de forma improcedente a ningún membro do persoal da entidade correspondente da mesma titulación ou que ocupe postos similares nos seis meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes
- Declaración responsable de manter os requisitos esixidos nas bases durante o período de vixencia da bolsa, debendo informar de calquera variación das circunstancias a Deputación de Pontevedra

As declaracións responsables están incluídas no modelo de solicitude

5.2.2. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

5.2.3. As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (Avda. Montero Ríos, s/n, de 8:30 a 14:30 horas e de 17:00 a 19:00 horas ), na sede que a institución provincial ten en Vigo (Rúa Oporto, 3, de 9:00 a 14:00 horas ), así como na súa sede electrónica. Tamén se poderá presentar en calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Para tal efecto as solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos, co fin de determinar a data de presentación, deberán presentarse en sobre aberto para ser datadas e seladas pola funcionaria ou funcionario antes de ser certificadas.

5.2.4. Logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes farase pública na web [www.depo.gal](http://www.depo.gal) a relación provisional de empresas e entidades admitidas e excluídas nesta convocatoria, con indicación, en cada caso, dos motivos de exclusión. As entidades solicitantes excluídas disporán dun prazo de dez días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da mencionada lista, para emendar os motivos de exclusión.

5.2.5. Sen prexuízo do anterior, en calquera momento poderase instar ás empresas ou entidades solicitantes a que completen calquera outro requisito ou trámite omitido, de acordo co previsto no artigo 73 da LPACAP, e concederanse para este efecto dez días hábiles a partir da notificación, con expreso apercibimento de que, en caso de non facelo, se poderá declarar decaída no seu dereito.

5.2.6. A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude como na memoria, poderá comportar a denegación da bolsa solicitada.

### 5.3. Criterios de selección das empresas ou entidades

Terán preferencia as solicitudes das empresas ou entidades nas que se manifeste o compromiso da formalización dun contrato laboral no momento da finalización das prácticas laborais, indicando a modalidade, xornada e duración. O compromiso será vinculante no caso de existir informe favorable da persoa bolseira na tramitación da proposta de prórroga. No caso de non chegar a cubrir o número total de bolsas convocadas teranse en conta as demais empresas ou entidades que non manifestasen ese compromiso.



5.3.1. A selección das empresas ou entidades levarase a cabo conforme aos seguintes criterios de valoración e tendo en conta a distribución do número de bolsas por grupos recollida na base primeira:

*a) Proxecto de práctica laboral (puntuarase cun máximo de 3 puntos)*

Capacidade técnica e de xestión, existencia de persoal técnico cualificado que se encargue da formación práctica da persoa bolsreira e sistema de titorías, instalacións e medios técnicos dispoñibles no centro de traballo, descrición detallada das tarefas, criterios de avaliación da práctica.

*b) Empregabilidade (puntuarase cun máximo de 5 puntos)*

- Compromiso de contratación da persoa bolsreira mediante un contrato indefinido:
  - A tempo completo 5 puntos
  - A media xornada 4,5 puntos
- Compromiso de contratación da persoa bolsreira mediante un contrato en prácticas:
  - A tempo completo 4 puntos
  - A media xornada 3,5 puntos
- Compromiso de contratación da persoa bolsreira mediante un contrato temporal:
  - De 12 meses ou máis
    - A tempo completo 3 puntos
    - A media xornada 2,5 puntos
  - De 6 meses ou máis
    - A tempo completo 2 puntos
    - A media xornada 1,5 puntos
- Outro tipo de contrato
  - A tempo completo 1 punto
  - A media xornada 0,5 puntos

*c) Participación en programas de prácticas con institucións públicas (puntuarase con 1 punto)*

Acreditar, mediante a presentación do correspondente convenio, a colaboración coas distintas institucións públicas educativas na realización de prácticas curriculares e extracurriculares. Terán esa consideración as que fai referencia a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, no seu artigo 42.2, para o caso de prácticas curriculares da formación profesional (módulo de Formación en Centro de Traballo), e as reguladas no Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas do estudiantado universitario, no seu artigo 4

*d) Calquera outra mellora (puntuarase cun máximo de 1 punto)* que redunde en beneficio da formación práctica da persoa bolsreira (xornada continuada, participación nos plans de formación continua da empresa...).



5.3.2. No caso de que se presenten varias solicitudes pertencentes ao mesmo grupo empresarial ou sector no que figure o mesmo representante non se concederán máis de dúas bolsas para o conxunto de empresas ou entidades, que terán a obriga de designar titores diferenciados para cada unha das bolsas (no caso de que non fose notificada a pertenza a un grupo empresarial esta Deputación poderá denegar a asignación dunha persoa bolseira á totalidade do referido grupo empresarial).

5.3.3. A comisión de avaliación e selección poderalles requirir, en calquera momento, ás empresas ou entidades documentación complementaria para verificar os datos que figuran na súa solicitude.

#### **5.4. Resolución do procedemento de selección de empresas e entidades e determinación do tipo de bolsa que se convocará**

5.4.1. A comisión elaborará a proposta de selección de empresas ou entidades indicando os criterios e o proceso de valoración de solicitudes. A proposta recollerá as puntuacións totais por orde decrecente e con lista de reserva para cada grupo e será elevada á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación.

5.4.2. As titulacións solicitadas polas empresas ou entidades seleccionadas determinarán as titulacións que se convocarán.

5.4.3. A convocatoria, as bases que regulan o procedemento de selección das candidaturas e a súa resolución correspóndenlle á Xunta de Goberno da institución provincial.

#### **Sexta. Obrigas das empresas ou entidades beneficiarias**

As empresas ou entidades beneficiarias deberán cumprir as seguintes obrigas:

- Cumprir fielmente o proxecto ou programa formativo.
- Facerse cargo da xestión, coordinación e seguimento das prácticas.
- Designar unha persoa traballadora da empresa ou entidade, coa titulación universitaria adecuada ou experiencia laboral suficiente, para que actúe como persoa titora, que se encargará de facilitarlle á persoa bolseira a súa integración na entidade, asesorala nos momentos que necesite, velar pola súa formación e polo cumprimento da práctica, supervisando as tarefas desempeñadas e que deberá estar permanentemente ao tanto de todas as tarefas que se lle encomenden, procurar que non se lle asignen tarefas perigosas ou que estean fóra da súa responsabilidade como persoa bolseira e informar, cando proceda, á Deputación. O incumprimento desta obriga ocasionará que se resolva a bolsa, podendo adxudicárselle a outra entidade que solicítase esa titulación e que estea en condicións de incorporar a persoa bolseira afectada por esta situación durante o tempo restante.
- Facilitarlle á persoa bolseira os medios e recursos necesarios para a realización das prácticas e destinala ás actividades previstas no proxecto ou programa formativo.





- Controlar o cumprimento do horario das prácticas mediante un parte de asistencia, que estará á disposición da Deputación para efectuar as comprobacións que estime oportunas.
- Subscribir un contrato laboral coa persoa bolseira cando se tivese manifestado o compromiso de contratación na solicitude, de existir informe favorable da persoa bolseira na tramitación da proposta de prórroga, a excepción dos casos seguintes:
  - Que a persoa bolseira adxudicada renunciase á bolsa antes da súa finalización por causas non imputables á entidade
  - Que a persoa bolseira rexeitase a proposta de contratación
- Garantir unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde.
- Velar polo cumprimento das medidas de prevención e polo uso adecuado das máquinas, aparatos, ferramentas, substancias perigosas, etc que utilice a persoa bolseira na realización das prácticas.
- Subscribir un seguro de responsabilidade civil, complementario do que contrate a Deputación Provincial, no caso de que a actividade práctica que se vai desenvolver o requira.
- Concederlle permiso á persoa bolseira para a realización de exames de carácter oficial, sempre e cando esta achegue a correspondente xustificación.
- Permitirlle á persoa bolseira a asistencia a accións formativas relacionadas coa súa titulación.
- Fomentar e promover actividades relacionadas co proceso de formación da persoa bolseira.
- Concederlle á persoa bolseira un permiso de dous días hábiles de descanso por mes de práctica laboral, que serán independentes dos períodos mínimos de descanso semanal e se concederán de forma independente por mes ou ao final do período.
- Sufragar os gastos de desprazamento, e se fose necesario de estancia, orixinados pola realización de determinados traballos, estudos ou informes relacionados coa formación práctica da persoa bolseira, fóra do termo municipal correspondente á oficina ou dependencia da empresa na que de forma habitual se desenvolven as prácticas, de acordo cos límites previstos no Real decreto 462/2002, de indemnizacións por razón do servizo.
- Solicitar a prórroga da bolsa no prazo establecido.
- Emitir un certificado acreditativo do labor realizado pola persoa bolseira á vista do informe de avaliación presentado pola correspondente titoría.

### Sétima. Obrigas da Deputación

Este organismo provincial asume os seguintes compromisos:

- Aboarlle o importe da axuda ou subvención establecida directamente ás persoas bolsieras.



- Dar de alta na Seguridade Social as persoas bolseiras no código de conta de cotización que corresponda.
- Contratar un seguro de responsabilidade civil.
- Facer o seguimento do grao de execución e cumprimento do plan.

### **Oitava. Comisión de seguimento**

Para a supervisión e control das prácticas constituirase unha comisión de seguimento coa finalidade de resolver as incidencias e dúbidas que se produzan no seu desenvolvemento.

A comisión estará presidida por unha deputada ou deputado provincial ou a persoa en quen delegue e estará integrada por tres membros do persoal técnico da Deputación.

A comisión terá as seguintes competencias no desenvolvemento do programa de prácticas:

1. Garantir que as prácticas se correspondan cos compromisos asumidos polas empresas ou entidades.
2. Resolver os problemas que poidan xurdir na súa execución.
3. Propoñer medidas con respecto ás incidencias que xurdan durante a súa realización.

A comisión reunirse con calquera das partes cando o considere necesario, como mínimo unha vez antes de que finalice o período de duración das prácticas.

### **Novena. Penalizacións**

A Xunta de Goberno en calquera momento, por proposta da comisión de seguimento, no caso de incumprimento das obrigas esenciais por parte das empresas ou entidades seleccionadas, poderá:

- Resolver a adxudicación e concederlle a bolsa á empresa ou entidade da mesma titulación das que figuran na lista de suplencia que sexa elixida pola persoa bolseira.
- Declarar que non se admitirá a súa solicitude de participación en futuras convocatorias.

### **Décima. Procedemento de selección das persoas bolseiras**

#### **10.1. Selección das persoas bolseiras**

Efectuarase mediante convocatoria pública e segundo os principios de mérito e capacidade. O proceso estruturarase en dúas fases: a primeira, de carácter eliminatorio, por currículo e expediente académico, e a segunda a través dunha proba tipo test sobre o programa que se especifique na convocatoria.



## 10.2. Adxudicación das bolsas

10.2.1. O Servizo de Recursos Humanos e Formación, tendo en conta o número de bolsas convocadas por cada proceso, ofrecerá as candidaturas propostas as empresas ou entidades onde se desenvolverán as prácticas laborais.

10.2.2. Logo de efectuada esta elección, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación adxudicaráselle as bolsas convocadas ás empresas ou entidades seleccionadas e ás candidatas e candidatos dispoñibles por orde de puntuación en cada proceso selectivo, co fin de poder iniciar o período de prácticas nas empresas ou entidades elixidas.

### Décimo primeira. Obrigas da persoa bolsreira

Son obrigas da persoa bolsreiras as seguintes:

- 1.—Incorporarse á empresa na data sinalada.
- 2.—Respectar, en todo momento, a normativa da empresa, seguindo as instrucións que lle sexan dadas pola mesma e cumprir o programa formativo.
- 3.—Desenvolver unha actitude favorable para a súa integración na empresa e aplicarse con total dilixencia e aproveitamento.
- 4.—Observar e cumprir o horario das prácticas co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro.
- 5.—Cumprir as medidas de prevención que en cada caso se deban adoptar, pola súa propia seguridade e saúde e pola de aquelas outras persoas ás que lles poida afectar a súa actividade a causa dos seus actos ou omisións.
- 6.—Usar adecuadamente as máquinas, aparatos, ferramentas, substancias perigosas etc. que utilice no seu proxecto, de acordo coas instrucións do fabricante ou do responsable das prácticas.
- 7.—Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados pola empresa, de acordo coas instrucións recibidas.
- 8.—Gardar con absoluto rigor o secreto profesional sobre cantas informacións poidan chegar a coñecer en relación co proceso produtivo, sistemas técnicos empregados na empresa ou calquera aspecto económico ou comercial de análoga natureza, así como non explotar aqueles traballos realizados na práctica obxecto deste convenio sen a autorización expresa, en ambos casos, da empresa. Este compromiso será válido non só durante a práctica, senón tamén unha vez finalizada, por un período que, no seu caso, determinará a propia empresa.
- 9.—Asistir ás accións formativas que organice a empresa dentro da xornada laboral relacionadas coas súas prácticas.



10.—En caso de enfermidade ou accidente a persoa bolseira deberá comunicarlle a súa situación á Empresa e á Deputación de Pontevedra, presentando o oportuno parte médico xustificativo.

11.—En caso de renuncia, a persoa bolseira quedará obrigada a comunicarllo á empresa e á Deputación de Pontevedra con sete días hábiles de antelación.

12.—Achegar á Deputación unha copia da vida laboral actualizada logo de transcorridos tres meses desde a finalización das prácticas.

### **Décimo segunda. Condicións xerais das bolsas**

Establécense as seguintes condicións xerais:

1.—As bolsas terán unha duración de 6 meses, contados desde a data na que a persoa adxudicataria comece o seu labor na empresa correspondente, e poderán prorrogarse por outros 6 meses por acordo da Xunta de Goberno, sempre que exista dotación orzamentaria. En caso de urxencia poderá prorrogarse por Resolución presidencial dando conta á Xunta de Goberno.

2.—As entidades participantes deberán comprometerse a facilitar a realización da práctica laboral no seu centro de destino e a desenvolver un proxecto ou programa formativo que lles permita ás persoas bolsieras aplicar os coñecementos adquiridos na universidade ou nos estudos académicos de ciclo de grao superior de formación profesional.

3.—As bolsas serán incompatibles con calquera outra actividade remunerada, de calquera natureza, exceptuando as asistencias e indemnizacións por razón do servizo que deberá sufragar a entidade correspondente.

4.—As persoas beneficiarias comprometeranse a observar o horario de traballo e a disciplina da empresa onde se desenvolva a súa práctica laboral co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro. O horario non poderá exceder dun máximo de 40 horas semanais, que poderán ser distribuídas tendo en conta as necesidades de servizo da empresa.

5.—O feito de aceptar e facer uso destas bolsas non xera ningunha relación laboral nin funcional coa Deputación de Pontevedra nin coa empresa na que se desenvolvan as actividades da práctica laboral, polo que non implica, en consecuencia, ningún tipo de compromiso para un posterior contrato ou vinculación con este organismo provincial nin coa referida empresa.

6.—O pagamento do importe da bolsa realizarase por mensualidades vencidas. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co previsto no Real decreto 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, así como na orde ESS/55/2018, de 26 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas reguladoras da cotización á Seguridade Social para o ano correspondente.

7.—As bolsas que queden vacantes despois do cuarto mes dende o inicio da bolsa non se cubrirán coas candidaturas suplentes.



**Décimo terceira. Solicitude de prórroga da bolsa**

1. Antes de que transcorran os últimos quince días do quinto mes do período de duración da bolsa a persoa bolseira estará obrigado a presentar unha memoria sobre o conxunto dos traballos realizados, especificando os obxectivos conseguidos, a metodoloxía empregada e os principais resultados dos estudos practicados. A persoa titora, á vista da memoria presentada, emitirá un informe de avaliación e proposta indicando se procede ou non a prórroga, do que dará traslado ó Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación para a súa tramitación, cun mes de antelación á data prevista de finalización.

2. O Servizo de Promoción de Emprego de Emprego e Desenvolvemento Local dará traslado da solicitude de prórroga ó Servizo de Recursos Humanos e Formación, e a Xunta de Goberno a proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra, resolverá esta solicitude, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e o aproveitamento demostrado pola persoa bolseira.

**Décimo cuarta. Resolución das prácticas**

Daranse por finalizadas as bolsas de práctica laboral cando concorra algunha das seguintes causas:

- 1.—Quedar desertas por falta de persoas candidatas na titulación correspondente.
- 2.—Quedar desertas por non haber persoas candidatas suficientes para todas as entidades seleccionadas da mesma titulación.
- 3.—Quedar vacantes por renuncia da persoa bolseira e por non ter persoas candidatas suplentes para a titulación.
- 4.—Renuncia voluntaria por parte da persoa bolseira. A renuncia implicará a perda dos dereitos formativos e económicos que lle puidesen corresponder. En tal situación a empresa poderá solicitar que se cubra a bolsa que queda vacante polo tempo restante, sempre que non transcorrese un prazo superior a catro meses desde a data da adxudicación inicial, cunha persoa candidata suplente, segundo a orde de puntuación obtida no proceso de selección.
- 5.—Renuncia da empresa á bolsa solicitada e adxudicada. A renuncia quedará supeditada á existencia de motivos xustificadas, previamente aceptados pola Deputación de Pontevedra. De non existir causa xustificada penalizarase á empresa coa imposibilidade de participar en próximas convocatorias ou de obter calquera outro tipo de axuda ou subvención desta Institución, quedando sometidos ás responsabilidades e ao réxime sancionador que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, establecen os artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 6.—Incumprimento das obrigas dalgunha das partes. No caso de incumprimento das obrigas por parte da empresa adxudicataria resolverase a bolsa.



Mércores, 9 de maio de 2018

Núm. 89

7.—Baixa por incapacidade temporal da persoa bolseira de duración superior a trinta días ou, no caso de maternidade, de duración superior a seis semanas.

8.—Mutuo acordo entre a empresa e a persoa bolseira.

9.—Quedar vacantes unha vez transcorresen catro meses desde o inicio da bolsa

De concorrer algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), poderá esixirse o reintegro total cando a persoa beneficiaria incumpra total e absolutamente as condicións impostas para a concesión e a execución da bolsa.

### **Décimo quinta. Devolución da documentación**

Transcorridos seis meses desde o final do proceso selectivo destruírse a documentación presentada, excepto a instancia, polo que se lles recomenda ás persoas interesadas que a retiren dentro dese prazo. A documentación das entidades seleccionados non se destruír e tampouco se devolverá, senón que permanecerá arquivada no seu expediente correspondente.

### **Décimo sexta. Dereitos supletorios**

A convocatoria e a selección das entidades suxeitaranse ao previsto nestas bases, na LXS, na LPACAP e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Pontevedra, 30 de abril de 2018

O xefe do Servizo de Promoción de Emprego  
e Desenvolvemento Local

Manuel Corujo Castro

